

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indica a opción correcta en galego que se corresponde coa definición de deixar de ter algo na memoria.

- A) Esquecer.
- B) Acordar.
- C) Adormecer.
- D) Rememorar.

2. Indica a opción correcta en galego:

- A) Su especialidad son os saltos de altura.
- B) A sua especialidade son los saltos de altura.
- C) A súa especialidad son ós saltos de altura.
- D) A súa especialidade son os saltos de altura.

3. Indica a opción correcta en galego:

- A) Esta de servicio no hospital esta fin de semana.
- B) Está de servizo no hospital esta fin de semana.
- C) Está de servicio no hospital este fin de semana.
- D) Está de servizo no hospital este fin de semá.

4. Indica a opción correcta en galego que se corresponde coa definición de fillo dun primo ou dun tío avó:

- A) Tio.
- B) Curmán.
- C) Tioavó.
- D) Xenro.

5. Indica a opción correcta en galego:

- A) Siglo.
- B) Cuarentena.
- C) Cuatrimestre.
- D) Ducia.

6. Indica a opción correcta en galego que se corresponde coa definición da nai dun cónxuxe en relación coa nai do outro cónxuxe.

- A) Sogra.
- B) Consogra.
- C) Nora.
- D) Noiva.

7. Indica a opción correcta en galego:

- A) La mejor medicina pra ós teus problemas é saíres por aí a divertirte.
- B) A mellor medicina para os teus problemas e saíres por aí a divertirte.
- C) A mellor medicina para os teus problemas é saíres por aí a divertirte.
- D) A mellor medicina para os teus problemas é salir por ahí a divertirte.

**8. Indique o multiplicativo correcto en galego:**

- A) Doble.
- B) Triple.
- C) Quíntuplo.
- D) Setuplo.

**9. Indica a opción correcta en galego:**

- A) Deixa máis espazo entre liña e liña.
- B) Deixa mais espacio entre liña e liña.
- C) Deixa mais espazo entre linea e linea.
- D) Deja máis espacio entre liña e liña.

**10. Indica a opción correcta en galego:**

- A) Tivo alergia al pole.
- B) Ha tenido alergia ao polen.
- C) Tivo alerxia ao pole.
- D) Ha tenido alerxia al polen.

Preguntas de reserva

**1. Indica a opción correcta en galego:**

- A) A doenza do seu amigo produciulle unha profunda dor.
- B) A dolenza de su amigo produciulle unha profunda dor.
- C) A doenza do seu amigo lle produciu una profunda dor.
- D) A doenza do seu amigo lle produciu unha profunda dolor.

**2. Indique a opción correcta en galego:**

- A) Medio.
- B) Mitad.
- C) Tercio.
- D) Séptimo.